

G A L E U Z C A 95

O XII Encontro de escritores galegos, bascos e cataláns analisa a obra dos exiliados

Emigrantes e desterrados foron depositários das culturas nacionais

O exilio foi un lugar común para o desenvolvimento das escritas negadas durante o franquismo xa que só fóra das fronteiras se pudo conseguir a continuidade da lingua no ámbito literario.

A relevancia do tema, na busca da recuperación do

Esteban Urtiaga *Lauaxeta*, escritor basco participante na creación do



acervo literario dos que tiveron que marchar do país, vese incrementada ainda más en Galiza, anfitrióna desta volta do *Galeuzca 1995*, onde ao exilio se suma unha descomunal emigración económica, sen igual nos casos basco e catalán.

Galeuzka en 1935 e fusilado polas tropas franquistas dous anos despois.

■ CARMÉ VIDAL

Reunidos na sesión inaugural no solar que fora sede das *Irmundades da Fala*. No mesmo que Ángel Casal puxo a andar a primeira escola en galego, uns cen escritores e escritoras deron conta dun sinfín de nomes das letras que se forxaron nomeadamente alén mar. Constituen case a única testemuña dun tempo no que os direitos nacionais negados e a lingua prohibida se mantiveron grazas a aqueles que marcharon e seguiron a ter presente o seu país de orixe na experiencia tráxica da distancia.

O poeta e presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Uxío Novoneyra, lembrou ao dar a benvinda aos participantes que o encontro ía ter: "Palabras que por esta vez poden ser demasiado graves, como graves e extremados son Emigración e Exilio, as duas situaciones más graves, tanto como a prisión, que o home pode sofrirriba da Terra, cásqueno como a guerra. Ese límite de patetismo que forzou a nosa Lingua a decir: en grave punto fui nado".


De seguido, a presenza do escritor de longa estancia en varios países de Latinoamérica -corenta anos en Arxentina e Cuba-, Xosé Neira Vilas, ia constatar a riqueza da literatura galega feita fóra da Galiza. Tamén das innumerables iniciativas que tiñan lugar cando no país o panorama cultural estaba ermo. En Neira Vilas xuntouse a faceta de investigador e a experiencia vivida na emigración. A par unha da outra, e os dados contados desde a sua proximidade cobraban maior intensidade e afechaban até o presente unha época que está demasiado perto para sofrer tanto esquecemento.

Bos Aires converteuse para Castelao, como lembrou Neira Vilas, na "Galiza ideal que en anos difficil substituía á penuria da Galiza real" e que chegou a ter na súa capital a 400.000 galegos nos anos cincuenta. Castelao, Luis Seoane ou Arturo Cuadrado en Bos Aires, Cabanillas en Cuba, Celso Emilio Ferreiro en Caracas, Guerra da Cal en Estados Unidos ou Luis Tobio no Uruguai foron algunos dos escritores e os destinos citados polo relator que quixo misturar "deliberadamente escri-

tores emigrantes e exiliados porque exiliados son todos e ainda podremos referir aos que sofreron o exilio interior".

Entre os nomes figura con especial relevancia o de Castelao, que Neira Vilas considerou decisivo no proceso de "tomar conciencia do país de orixe que estudiamos os mozos e logo chegaria clandestinamente a esta beira do mar".

O exilio é tristemente rico en nómadas pero non o é menos en obras. Moitos dos escritores que se deron cita na Coruña, sen sofrer eles mesmos o desterro, viron como os seus libros tiñan que ser publicados alén mar en multitudes de revistas e publicacións grazas ao esforzo editorial de moitos galegos. Desta-



"Palabras que por esta vez son demasiado graves -dixo Uxío Novoneyra- como graves e extremados son a emigración e o exilio"

ca, entre eles, o labor intenso de Luis Seoane. Empenáronse en que a literatura galega non decaise e significaron un verdadeiro incentivo para os que quedaban na Terra.

A presenza de escritores galegos que sofriron tanto o exilio como a emigración constitui no Galeuzca o encontro cunha época difícil para a literatura e para a vida. Manuel Riveiro Loureiro foi o menos complacente á hora de manifestar, por medio de situacións vividas por el próprio no tempo que pasou no Uruguai, as penurias ás que se enfrentaban os que por obrigañan que abandonar o país. "Estaba claro que un tíña que aceptar a propia nulidade, que se daba xa por suposto, para acadar ser medianamente tolerado na sociedade do

país malchamado anfitrión", dixo, facendo tamén mención ao estereotipo de "galego cuadrado bruto e ignorante" que se reflecte mesmo en Manolito, o amigo de Mafalda deseñado por Quino.


Dentro, o silencio

O exilio serviu no encontro de Galeuzca como espazo común das literaturas basca, catalana e galega e os representantes que asistiron ao encontro puxeron de manifesto a necesidade de recuperar a cultura desterrada como signo de identificación e rememoración da historia que negou o feito diferencial dos tres países. Non son só a comunión de experiencias personais as que confirman relevancia ao exilio, senón a sorte de conciencia colectiva, eminentemente política polo tanto, que tiveron os desterrados á hora de promover a sua cultura nun entorno alleo.

No conferencia de clausura de Galeuzca, Emilio López Adan, analisou a escrita no exilio e a sua componente política. "Os exiliados políticos teñen un xéito especial de estar no estranxeiro. Están todo o dia ocupándose da política dunha pátria moi afastada", sinalou. A sua afirmación viñou a conto de moitas das experiencias relatadas no encontro, de escritores que, como o catalán Carles Riba, segundo sinalou Celia Riba, pasou de viver un mundo poético individual antes da guerra a assumir a toda a súa sociedade, "la veu d'una pátria".

O exilio da literatura non só percorreu a produción do desterro, senón que tamén evidenciou, e tal vez en maior medida, a forza do silencio interior que facía sospeitosa a propia lingua. Neira Vilas díxoo para o caso galego, e Emilio López referíuse aos bascos ao lembrar que no franquismo, os escritores euskericos que vivian no País Vasco soportaban unha situación na que desapareceran as esperanzas de publicar vivian mesmo "co medo de ser denunciados".

Para o relator que valorou o destino no sentido de ser até o 1960 o único depositario -ben polos mesmos escritores ou ben por ter sido a orixe de publicacións en euskeria- fica ainda o exilio clandestino, "mesmo na democracia, hai xente que segue escrebendo no más du-



Xosé Neira Vilas criou a maior parte da súa obra en Arxentina e Cuba. X.S. LOBATO

ro exilio. Non me importa rematar lembrándoo" dixo.

A propia experiencia de Galeuzca, impulsada por Castelao desde Bos Aires, serviu de referencia para dar conta da importancia do tema nas tres literaturas. A súa historia, relatada en Betanzos polo investigador Xosé Estévez, puña sobre a mesa os contactos entre os tres nacionalismos desenvolvidos no exilio. Os nomes bascos, cataláns e galegos que participaron na historia de Galeuzca -Castelao, Blanco Amor, Otero Pedrayo, Boffill i Mates, Rovira i Virgili, Ventura Gassol, Xirau, Echave Sustaita, Lauaxeta, Amezaga... -seguiron a ser un aval no encontro que, unha vez máis reuniu a escritores das tres nacións nas que, pescicás de diferencias, subsiste a situación

común de se tratar de literaturas de nacións sen estado no meio dun imperialismo cultural e lingüístico que todos seguían a recoñecer.

A ausencia institucional nos actos do Concello de Coruña, belixerante contra o galego, e mesmo o feito de que a sesión do Luns comezase con más de unha hora de retraso sobre o previsto por non ter aparecido o encargado municipal que tifía que abrir a sá, foron as anécdotas que daban conta dunha situación ainda sen normalizar. Uxío Novoneyra pediu que algo quedara "nos muros desta cidade de Pondal, o do Hino e do Sublime vago, del e dos homes da Cova Céltiga, e que se saibán recoñecidos e presentes e quentes correndo ainda pola nosa palabra e memória, pois a Académia está fria".